

# **PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL**

## **Curso 2021/2022**

### **Escola de Educación Infantil de Villarrodís-Oseiro**

Código:15032376

Rúa, Carlos Maside, nº 16

15142 Oseiro-Arteixo (A Coruña)

T: 616466312

<https://www.edu.xunta.gal/centros/eeivillarrodís/>



## ÍNDICE

Introducción .....	7
1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CENTRO PARA O CURSO 2020- 2021.....	7
2. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS .....	9
3. RECURSOS PREVISTOS .....	10
3.1. Recursos humanos .....	10
3.2. Recursos materiais .....	10
4. CADROS DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA .....	11
4.1. Alumnado .....	11
4.2. Equipo docente .....	11
4.3. Persoal non docente .....	11
5. XORNADA ESCOLAR E HORARIO.....	12
5.1. Xornada Escolar .....	12
5.2. Horarios .....	12
5.3. Horario De Permanencia No Centro .....	13
5.4. Quendas de vixilancia dos recreos .....	13
5.6. Horario de atención ó público.....	14
6. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO .....	14
7. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS .....	15
7.1. Consello Escolar.....	15
7.2. Claustro .....	16
8. REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE. ....	18
9. ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.....	18
10. PLAN DE POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA	18
11. PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA. ....	19
12. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO .....	20
13. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS .....	21
14. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN .....	22
15. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES. ....	23
15.1. Actividades complementarias .....	23
15.2. Actividades extraescolares .....	24
16. CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO.....	25
17. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE DIVERSIDADE. ....	26
18. PLAN DE ORIENTACIÓN .....	27

18.1. Criterios para a atención do alumnado polo profesorado de apoio.....	27
18.2. Avaliación psicopedagóxica.....	29
18.3. Memoria.....	31
18.4. Medidas metodolóxicas e organizativas.....	32
19. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEE. PROGRAMA DE AUDICIÓN E LINGUAXE.....	33
19.1. Obxectivos.....	36
19.2. Contidos.....	37
19.3. Metodoloxía.....	39
19.4. Avaliación.....	40
20. PLAN DE CONVIVENCIA.....	41
20.1. Criterios de actuación respecto ao alumnado que presenta alteracións conductuais:.....	41
20.2. Criterios e actuacións ante situacións de posible acoso:.....	42
20.3. Normas e procedemento na resolución de conflitos:.....	43
21. PLAN DE IGUALDADE.....	44
21. 1. Contextualización normativa e do centro.....	45
21. 2. Análise da linguaxe da escola en relación coa igualdade de xénero.....	46
21.3. Obxectivos coeducativos do plan.....	46
21.4. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos.....	47
21.5. Seguimento e avaliación.....	50
22. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO.....	51
23. ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.....	52
24. PROGRAMACIÓN PARA O TRATAMENTO DA LINGUA INGLESA.....	53
24.1. Obxectivos para o proceso de ensino-aprendizaxe do inglés.....	54
24.2. Avaliación.....	55
25. PLAN ANUAL DE LECTURA.....	57
25.1. Obxectivos.....	57
25.2. Organización de espazos e tempos para a lectura.....	58
25.3. Rutinas de lectura.....	59
25.4. Recursos humanos.....	60
25.5. Actividades programadas.....	60
25.6. Recursos e materiais.....	61
25.7. Seguimento e avaliación.....	61
26. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS T.I.C.....	63

26.1. Obxectivos.....	64
26.2. Organización dos recursos. ....	65
26.3. Propostas metodolóxicas .....	66
26.4. Avaliación .....	67
27. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO.....	69
28. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA. ....	70

## ANEXOS

Horarios

Plan de adaptación á situación Covid

Plan de continxencia

Plan de Acollida



## Introducción

O pasado mes de agosto houbo unha modificación nas unidades e postos de traballo da escola. Debido a baixa continuada de matrícula a escola pasa a ser catalogada coma de 2 unidades, perdendo unha unidade. Os postos de traballo tamén sofren unha diminución, pasando de ter 6 mestras a ser un centro con dous postos de traballo. Este curso, ademais das dúas titoras, permanecerá con horario completo no centro a mestra de Lingua Inglesa como directora da escola e por necesidades do servizo, como compartida, a mestra de Audición e Linguaxe.

Continuamos coas medidas de protección ante a pandemia Covid 19 iniciadas no pasado curso, para as que se elaboran os documentos específicos “Plan de Adaptación á situación Covid” e “Plan de Continxencia”, anexos a esta PXA.

### 1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CENTRO PARA O CURSO 2020-2021.

Pretendemos continuar a ofertar a mellor formación posible a todo o noso alumnado.

Os obxectivos de centro que queremos acadar son os seguintes:

- Proveer a toda a comunidade educativa dun entorno seguro para as aprendizaxes.
- Adaptarse á situación sanitaria excepcional implicando á alumnado e familias na aceptación das medidas de protección propostas.
- Aproveitar os espazos ao aire libre da escola para a labor docente.
- Realizar accións para apoiar ao alumnado con necesidades específicas de aprendizaxe.
- Reforzar o diálogo familia-escola.
- Implicar ás familias nos plans e programas nos que participa a escola.

- Potenciar o coñecemento e emprego das tres linguas da escola (galego, castelán e inglés), favorecendo a lingua galega como vehicular nos documentos de centro.
- Coordinar as accións para o máximo aproveitamento da auxiliar de conversa de lingua inglesa.
- Seguir avanzando nas medidas de coñecemento e respecto polo medio ambiente.
- Favorecer a resolución pacífica de conflitos.
- Favorecer o benestar emocional do alumnado e do equipo docente.
- Favorecer a educación igualitaria.
- Participar en diversas accións educativas convocadas dende o Concello de Arteixo, a Consellería de Educación e outras entidades.
- Manter o diálogo coa directiva da ANPA, en todo aquilo que redunde na mellora da educación dos menos e nenas.
- Continuar dotando a biblioteca escolar de materiais actualizados e dinamizalos para impulsar a adquisición das diversas aprendizaxes e animar ao aprendizaxe e desfrute da lectura.

A nivel pedagóxico os nosos obxectivos comúns obedecen ós seguintes principios:

- Compensar desigualdades: a nosa escola recibe alumnado de distintas clases sociais e económicas, así como alumnado inmigrante de distintas culturas, é imprescindible que mediante a planificación e a acción conxunta do profesorado logremos inculcar aos nenos/as a tolerancia e respecto necesario para unha convivencia de igualdade e tolerancia.
- Favorecer ambientes de diálogo: onde a escoita activa sexa o medio de buscar solución, baixo os principios de igualdade e convivencia.
- Abrir a escola á realidade: buscamos unha escola activa e aberta cara a todo aquilo que acontece, unha escola ligada á vida. A manipulación e a experimentación serán os nosos alicerces para lograr un aprendizaxe significativo.
- Proporcionar ao alumnado ambientes seguros: que conviden a dicir, falar, escoitar, compartir, respectar e participar.



- Respectar as individualidades como vantaxes: respectar ao neno/a como ser único e orixinal co fin de potenciar e desenvolver a formación da súa personalidade sen medos e sen complexos.
- Acadar a efectiva igualdade de dereitos e deberes entre os sexos, o rexeitamento a todo tipo de discriminación ou violencia, así como o respecto a todas as culturas.

## **2. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS**

A dirección e o claustro están a desenvolver medidas de protección conforme ás instrucións da Consellería, recollidas e descritas no Plan de Adaptación á situación Covid.

Con respecto ás familias, a escola de Vilarrodís é un centro pequeno que non dispón de servizos de comedor ou transporte. Esta circunstancia fai que o contacto coas familias sexa directo nos momentos de entrada e saída. A comunicación pode ser fluída incluso no tempo de pandemia.

As principais medidas están nas actividades a desenvolver polo equipo docente, entre outras as derivadas da participación nos seguintes plans educativos:

- Programa Pluriinfantil de Lingua Inglesa.
- Biblioteca Escolar.
- Horta escolar.
- Programa de Igualdade e loita contra a violencia de xénero (no marco do CIM do concello de Arteixo).
- Programa “Perros y Letras”.

### **3. RECURSOS PREVISTOS**

#### **3.1. Recursos humanos**

O claustro escolar consta de 3 mestras a horario completo e unha mestra compartida. A coordinación docente é imprescindible. O apoio entre as titoras e as especialistas durante moitos momentos da xornada permite un mellor control a hora de cumprir coas medidas previstas no Plan Covid e na tarefa docente. Esta coordinación é fundamental para atender os casos de alumnado con NEAEs.

#### **3.2. Recursos materiais**

Os espazos a empregar vense modificados pola situación Covid. Temos dous grupos de convivencia estable que non se cruzan. As aulas a empregar son as titorías (Aulas 1 e 4) , deixando a aula de Audición de Linguaxe (5) para atencións específicas e a Aula 2 como desdobre de Relixión. A aula 3 emprégase como Aula Covid. O espazo multiusos emprégase polos dous grupos en días alternos. A biblioteca e a aula creativa (aula 2) están a disposición das docentes e serven de centro de recursos.

A escola goza dun terreo amplo con zona axardinada, horta e patio cuberto que nos beneficia na presente situación.

Os recursos materiais dos que dispoñemos son bastante variados e, en liñas xerais, en bo estado, gracias a dotación básica da Consellería de Educación e as aportacións económicas e materiais derivadas da participación nos diversos programas educativos.

O Concello ocúpase de solucionar as diversas avarías e problemas nas instalacións. Ao inicio de curso envíase un listado de arranxos e a dirección vai notificando os que van xurdindo durante o curso.

## **4. CADROS DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA**

### **4.1. Alumnado**

GRUPO MIXTO (4º E 5º E.I.)	5 alumnos/as de 4º 6 alumnos/as de 5º
6º DE E.I.	10 alumnos/as
TOTAL	21 alumnos/as

### **4.2. Equipo docente**

HORARIO COMPLETO	ITINERANTE
2 Mestras de Ed. Infantil (titoras)	1 especialista de Audición e Linguaxe
1 especialista de Lingua Inglesa	1 Orientadora (sede no CEIP de Galán)
	1 Mestre de relixión (sede no CEIP S. Xosé Obreiro)

A mestra de AL está 3 días na escola e 2 no CEIP de Galán e tamén alterna parte do horario de permanencia. A Orientadora non ten asignado horario na escola, acudirá á demanda. A mestra de relixión ten dunha hora de asistencia á escola os venres.

### **4.3. Persoal non docente**

1 Auxiliar de Conversa
2 Limpadores (un na mañá e outra de tarde)

A auxiliar de Conversa ten categoría de persoal non docente pero as súas funcións son traballar directamente co alumnado acompañando á mestra de Lingua inglesa e as titoras. A Auxiliar de Conversa estará con nos dende outubro ata o 31 de Xaneiro de luns a xoves, cun total de 16 horas semanais.

## **5. XORNADA ESCOLAR E HORARIO**

### **5.1. Xornada Escolar**

A xornada escolar lectiva será de cinco horas diarias, distribuídas en sesión única de mañá dende setembro ata xuño, co seguinte horario de entradas e saídas:

Entrada: 9:15 horas

Saída: 14:15 horas

### **5.2. Horarios**

Tendo en conta o carácter fundamentalmente global do ensino de Educación Infantil, a distribución do tempo escolar disporá dunha certa flexibilidade, que nos permitirá adaptar o traballo ós intereses dos nenos e nenas en todo momento, á vez que coordinar mellor as distintas aprendizaxes.

O horario está estruturado de xeito que se integre o traballo levado a cabo polas titoras e especialistas. Ver ANEXO I

Para o alumnado de tres anos lévase a cabo o período de adaptación, que ten a duración que estipula a lexislación vixente. Este período é fundamental para favorecer a adaptación dos menos e nenas a un novo entorno, que lle esixe maior autonomía e independencia que no ámbito familiar e incluso que no 1º ciclo da E.I.

### **5.3. Horario De Permanencia No Centro**

Ademais do horario lectivo, o profesorado cumprirá as horas de permanencia no centro do seguinte xeito:

-Martes de 15,30 a 18:00 horas

-De luns a venres de 9:00 a 9:15 e de 14:15 a 14:30

Periodicamente o equipo docente reunirse para a coordinación pedagóxica e a elaboración de materiais curriculares utilizando o horario de permanencia no centro, vía telemática ou presencial gardando as medidas sanitarias de uso da máscara, distancia social, etc.

Neste mesmo horario dedicarase un tempo para atención aos pais/nais do alumnado, que será de 16:30 a 17:30 horas, con previa cita, a ser posible os primeiros e terceiros martes de cada mes. As comunicacións serán preferentemente por teléfono ou correo electrónico, sen prexuízo de acordar unha reunión na escola cumprindo coas medidas sanitarias.

Con carácter non fixo empregaranse as horas complementarias correspondentes para realizar reunións de Claustro, reunións de Consello Escolar, proxectos de formación, etc. Estas reunións poderán ser telemáticas ou na escola cumprindo as medidas sanitarias.

### **5.4. Quendas de vixilancia dos recreos**

Cada agrupamento terá un recreo independente. As quendas de vixilancia son as seguintes:

<b>Hora</b>	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
<b>11:30</b>	Valdés Aymerich, Eva (R)	Pérez Moledo, María Amelia (R)	Valdés Aymerich, Eva (R)	Pérez Moledo, María Amelia (R)	Valdés Aymerich, Eva (R)
<b>12:00</b>	Navarro Aguiar, Beatriz (R)	Navarro Aguiar, Beatriz (R)	Navarro Aguiar, Beatriz (R)	Navarro Aguiar, Beatriz (R)	Navarro Aguiar, Beatriz (R)
<b>12:00</b>	Martínez Bouzas, Diana (R)	Martínez Bouzas, Diana (R)	Martínez Bouzas, Diana (R)	Martínez Bouzas, Diana (R)	Martínez Bouzas, Diana (R)
<b>12:30</b>	Pérez Moledo, María Amelia (R)	Pérez Moledo, María Amelia (R)	Pérez Moledo, María Amelia (R)	Pérez Moledo, María Amelia (R)	Pérez Moledo, María Amelia (R)

### **5.5. Días non lectivos**

Seguirase o calendario escolar legalmente establecido pola Consellería na Orde de 19 de maio de 2021 e que está dispoñible na escola.

Solicitouse ante a Xefatura Territorial como días non lectivos por conveniencia pedagóxica o 7 de decembro de 2021 e o 16 de maio de 2022, coincidindo co centro adscrito, Ceip de Galán, e outros centros de Arteixo.

### **5.6. Horario de atención ó público**

A Responsable atenderá ao público, nas horas de dirección, baixo cita previa, preferentemente por teléfono ou email.

LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
13:05- 14:00	12:30-13:20	12:30-13:20	11:00-11:30	12:30-13:20

A hora de titorías establecida para os país/nais é os martes de 16:30 a 17:30 previa cita, nos termos explicados anteriormente.

## **6. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO**

Tras o cambio no pasado agosto, a escola pasa a ser un centro de menos de 3 unidades, co cal todas as funcións directivas as ostenta unha responsable. A responsable é M<sup>a</sup> Amelia Pérez Moledo, especialista en Lingua inglesa.

Dado que a escola é pequena e non ten outro persoal, a Responsable ten ao seu cargo realizar todas as tarefas administrativas e organizativas da escola, ademais das docentes correspondentes.

A Responsable, realizará as funcións encomendadas aos equipos directivos entre as que salientamos:

- Ostentar a representación da escola.
- Cumprir e facer cumprir as leis.
- Elaborar os documentos de organización do centro.
- Coordinar a actividade docente do centro, elaborando os horarios e establecendo os mecanismos para corrixir ausencias imprevistas do profesorado.
- Dirixir e coordinar as actividades da escola.
- Convocar e presidir os órganos colexiados da escola (Claustro, Consello escolar)
- Elaborar e expedir as certificacións e documentos oficiais da escola.
- Dirixir a xestión dos medios humanos e materiais da escola.
- Velar polo mantemento da escola e os seus materiais.
- Organizar os gastos e autorizar os pagos de acordo co presuposto da escola.
- Promover as relacións entre a comunidade educativa e con outras institucións.

Durante este curso, como novidade, a resultas da resolución do 3 de setembro de 2021, elaborárase o Plan Dixital do centro.

A responsable esforzase por manter no centro un clima de traballo e relacións humanas afectivas e efectivas que conduzan á consecución dos obxectivos e actividades que se propoñan.

## **7. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS**

### **7.1. Consello Escolar**

O Consello escolar reunirse unha vez ó trimestre, ademais de todas aquelas veces que sexan convenientes ou necesarias. As reunións celebraranse en día e hora que posibiliten a asistencia de todos os membros.

O Consello Escolar está formado con data de aprobación desta PXA por:

- Presidenta: M<sup>a</sup> Amelia Pérez Moledo.
- Representante do Concello: Inés Ramos Álvarez.

Quedan catro prazas vacantes por estar as persoas elixidas fóra da escola.

Está prevista unha renovación do Consello no mes de Novembro. Ante o cambio de unidades referido con anterioridade o Consello cambiará a súa composición de persoal.

## **7.2. Claustro**

O claustro da escola está composto de 3 mestras con destino definitivo, unha provisional de Audición e Linguaxe compartida co Ceip de Galán e dúas docentes con sede en outros centros.

O claustro fará as reunións preceptivas e as que sexan precisas de xeito extraordinario.

O claustro está composto por:

Dona. M<sup>a</sup> Amelia Pérez Moledo

Responsable da escola

Mestra especialista en Inglés e dinamizadora da biblioteca.

Destino no centro: definitivo.

Dona Beatriz Navarro Aguiar

Mestra especialista en EI



Nivel no que imparte: Titora do grupo mixto de 4º e 5º de E.I.

Destino no centro: definitivo

Dona Paula Maceiras Martínez.

Mestra especialista en EI

Nivel no que imparte: Titora de 6º.

Destino no centro: definitivo

Dona Eva Valdés Aymerich.

Mestra especialista en Audición e Linguaxe

Destino no centro: provisional compartida

Dona Reyes Fernández Barrero

Mestra especialista en Relixión Católica

Dona Clara Cabello Gálvez

Orientadora

No momento de redactar esta PXA na escola traballan unha mestra substituta:

Dona Diana Bouzas Martínez, en substitución das labores docentes de D. Paula Maceiras.

## **8. REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.**

Dadas as características da escola todas as mestras do claustro forman parte dos distintos órganos de coordinación docente, destacando o programa Pluriinfantil e a dinamización de Biblioteca con Amelia Pérez Moledo como coordinadora. As reunións realizaranse nos momentos precisos no horario de permanencia da tarde dos martes.

## **9. ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.**

Este curso contamos con dúas persoas de limpeza enviadas polo Concello.

Un limpador acude unha vez pola mañá sobre as 11:30 para realizar unha desinfección nos elementos mais sensibles á contaminación.

Unha limpadora pola tarde que realiza a limpeza xeral das instalacións.

Por outra banda considérase persoal non docente á Auxiliar de Conversa que axudará a mestra de Lingua Inglesa nas tarefas do ensino pluriinfantil.

## **10. PLAN DE POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA**

A pesares da pandemia, as docentes teñen un trato diario e próximo cos pais/nais as horas de entrada e saída do centro. Este curso non está contemplado facer ningunha reunión grupal no momento de redactar estas liñas. As comunicacións faranse vía taboleiro exterior, teléfono, páxina web, AbalarMóvil e blogs.

As entradas de familiares á escola están restrinxidas, segundo protocolo, a un familiar no período de adaptación de 3 anos durante o período lectivo. En determinadas circunstancias (cambio de roupa do alumno/a ou precisar a familia titoría pola mañá, por exemplo) os familiares accederán de xeito controlado a espazos concretos.

As titoras dedican polo menos unha hora semanal, dentro das horas de permanencia no centro, para realizar reunións individualizadas cos pais/nais dos alumnos/as, que serán presenciais na zona ao aire libre da escola, telemáticas vía webex ou telefónicas.

## **11. PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.**

Este curso a escola participará do programa Pluriinfantil coa potente axuda da auxiliar de conversa perante o primeiro cuatrimestre.

Programa de fomento da igualdade xunto co CIM de Arteixo.

A escola participa do programa de animación á lectura Perros y Letras, financiado por Caixabank.

Ao longo do curso realizaranse actividades de Biblioteca Escolar e de Horta.

As mestras con horario completo na escola teñen ademais previsto participar como mínimo nas seguintes accións formativas:

- Formación equipos Covid-19
- Xornada de Bibliotecas escolares de Galicia.

## **12. LIBROS DE TEXTO E DE MAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO**

A relación de materiais curriculares que se emprega no presente curso é a seguinte:

### **4º Educación Infantil:**

- Coñecemento do contorno. MINI TRIBU 3 anos “Mi cuerpo”.  
ISBN 978-84-307-1254-0
- Grafismos. 3 anos. MINI TRIBU.  
ISBN 978-84-307-1269-4

### **5º Educación Infantil:**

- Coñecemento do contorno. MINI TRIBU 4 anos. “¿Cómo soy?”.  
ISBN 978-84-307-1260-1
- Grafismos. 4 anos. MINI TRIBU  
ISBN 978-84-307-1272-4

### **6º Educación Infantil:**

- Coñecemento do contorno. MINI TRIBU 5 anos “¿Qué comemos?”  
ISBN 978-84-307-1224-3
- Grafismos. 5 anos. MINI TRIBU.  
ISBN 978-84-307-1281-6

As distintas docentes elaboran recursos propios e empregan recursos alleos obtidos de Internet, ademais de materiais da biblioteca e a súa aula creativa.

### **13. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS**

Este curso debido a pandemia, realizamos diversas actuacións para o emprego das instalacións dun xeito seguro. Estas actuacións están descritas no Plan de Adaptación á situación Covid 19.

Seguindo a lexislación vixente, a utilización das instalacións por parte das asociacións de pais e nais require a solicitude previa á dirección do centro cunha antelación mínima de tres días. A dirección concederá a autorización, se o seu destino é a finalidade propia de ditas institucións, sempre que non se altere o normal funcionamento do centro e respectando o horario de saída (21hs) do persoal de limpeza da escola. Pedirase que extremen as precaucións e cumpran coas medidas de seguridade de emprego de máscara e distancia social. Cumprindo co Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia, non se autorizaran actividades conxuntas excepto as estritamente necesarias. De cambiar a situación sanitaria e o Protocolo actualizaríanse estas disposicións.

A E.E.I. de Vilarrodís-Oseiro está constituída por un edificio, un patio de acceso á escola con baldosa, patio cuberto e unha ampla zona de xardín pechado.

O edificio dispón de 6 aulas: 2 delas para as correspondentes unidades, 1 para A.L., 1 de apoio , 1 habilitada como espazo COVID e 1 como biblioteca. Cada unha das aulas ten un aseo incorporado. Existe tamén unha ampla sala de usos múltiples e un corredor que dá acceso aos distintos espazos da escola.

Así mesmo hai un despacho que funciona coma dirección, unha sala de profesorado, un almacén, unha sala de caldeiras e un servizo dobre. O edificio está dotado de grande luminosidade e non ten barreiras arquitectónicas.

A ANPA conta cun armario situado na sala de usos múltiples.

O patio de recreo do centro é amplo con tres zonas diferenciadas: zona de céspede con árbores, horta e zona de area. Todas as aulas teñen acceso directo ao patio.

Contamos con dous patios cubertos. Os patios están destinados a uso educativo.

A escola entrou en funcionamento no ano 2003. As instalacións están en bastante bo estado, non obstante son necesarios pequenos arranxos de mantemento debido ao uso, para o que se avisa ao Concello de Arteixo.

O mobiliario da escola e o material didáctico son os que vai enviando a Consellería de Educación, así coma o que se vai adquirindo co presuposto do centro e coas partidas obtidas pola participación en proxectos de innovación educativa e axudas do Concello.

## **14. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**

O centro conta cun plan de autoprotección ante emerxencias e accidentes que debe ser coñecido polo equipo docente. Porén o Plan de Adaptación á situación COVID, que consta nesta programación como anexo, incide nas medidas de protección ante a pandemia.

O centro non conta con ningunha barreira arquitectónica e as portas teñen apertura cara afora, segundo a normativa vixente.

A escola está dotada de:

- Caixa de Urgencia: Existe un botiquín no servizo xeral; está convenientemente dotado do equipamento básico para atender primeiras urxencias.
- Extintores: 5 extintores de po ABC revisados anualmente (3 no corredor, 1 no almacén e 1 na sala de caldeiras).
- Plan de evacuación: A escola ten unha estrutura que favorece unha rápida evacuación en caso de emerxencia. O longo do curso faremos un simulacro de evacuación. A unha sinal dada e seguindo as frechas marcadas no corredor, ós nenos/as e o equipo de mestras abandonarán o edificio.
- Alarma dotada polo concello.

## **15. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

### **15.1. Actividades complementarias**

Dadas as particularidades da situación, as actividades complementarias vense comprometidas. Estas actividades teñen un marcado carácter educativo. Na maior parte delas realizarase un traballo previo ás mesmas, durante e despois, co fin de afianzar os obxectivos e contidos que se pretenden acadar.

No momento de redactar estas liñas, dadas as medidas previstas no Protocolo de adaptación a situación Covid e o Plan de adaptación do centro, non se contemplan saídas escolares. Se a situación cambia valoraremos realizar algunha saída cara a final de curso. De ser o caso, segundo a lexislación vixente, aprobaríase en Consello Escolar e informaríase á inspección.

No que respecta ás visitas á escola temos planeadas, con protocolo de distancia e hixiene, as seguintes:

- Visita da cadela Nora e a súa cuidadora Laura no programa Perros y Letras, durante todo o curso.
- Visita do Contacontos David Pernas polo día da non violencia de xénero.
- Visita da Contacontos Erika González polo Nadal.

Dentro da escola terán lugar as algunhas festas populares e conmemoracións, tendo en conta os días de obrigada conmemoración establecidos no calendario escolar anualmente. As actividades se farán conforme ao Plan de Adaptación Covid. Serán as seguintes:

- Día das Bibliotecas (24 de Outubro)
- Samaín (finais de outubro)
- Día Internacional contra a violencia de xénero (25 de Novembro)
- Nadal
- Día escolar da Paz (30 de Xaneiro)

- Día de Rosalía de Castro (24 de febreiro)
- Entroido (finais de febreiro)
- Día internacional da Muller (luns 8 de Marzo)
- Día do Libro (23 de abril)
- Letras Galegas (17 de maio)
- Día do Medio Ambiente (5 de xuño)
- Verán e fin de curso.

A temporalización das actividades que aquí se describen é orientativa xa que algúns días son non lectivos e está suxeita a modificacións de carácter organizativo.

Priorizaremos o uso das zonas exteriores para conmemoracións e celebracións, na medida que a actividade e o tempo atmosférico o permitan.

## **15.2. Actividades extraescolares**

Segundo a lexislación vixente, esta escola facilitará a realización das actividades extraescolares organizadas polo Concello fóra do horario lectivo para todos os nenos/as do centro. Estas actividades disporán do seu propio plan de adaptación á situación covid.

O Concello oferta unha actividade lúdica en horario de 17:00 a 18:00 os martes.

PRIMEIRO TRIMESTRE	SEGUNDO TRIMESTRE	TERCEIRO TRIMESTRE
<p>XOGAMOS</p> <p>Técnicas de psicomotricidade a través de xogos</p>	<p>CANTAMOS</p> <p>Técnicas básicas de educación musical, familiarización con instrumentos musicais e cancións infantís</p>	<p>FALAMOS</p> <p>Conceptos de idioma estranxeiro (inglés) para a adquisición de vocablos adaptados ao nivel dos participantes</p>

Asemade os nenos/as da escola poden participar nalgunhas das actividades realizadas no CEIP de Galán.



## 16. CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO.

Os nosos principios de actuación básicos son:

- Non discriminación por razón de raza, cor, sexo, idioma, relixión, pensamento, nacionalidade, riqueza, condicións físicas. A escola garante de actitudes de respecto e aceptación da diferenza.
- A escola actuará como compensadora de desigualdades, sendo inclusiva e solidaria.
- A educación que queremos ten como alicerces o respecto polos dereitos humanos, a paz, a tolerancia e a igualdade, favorecendo a solución pacífica de conflitos.
- A escola é aconfesional: somos respectuosos pola diversidade de prácticas ou crenzas de cada quen, sen tinguir o ensino de ningunha opción, relixiosa ou atea.
- Valores democráticos, a escola é ideoloxicamente plural e busca os acordos en base un consenso maioritario.
- A escola considera a interculturalidade como un valor e non como un inconveniente.
- Fomentar a coeducación e a igualdade de oportunidades entre nenos/as
- Fomentar actitudes a prol dunha relación respectuosa co medio ambiente.
- Respecto e fomento da lingua propia de Galicia dentro da comunidade educativa, sen prexuízo do emprego do castelán.

Este ideario levarase a cabo de xeito globalizado dentro das actividades diarias de aula, partiremos sempre dun enfoque lúdico e significativo para o alumnado, dentro dun clima que promova a seguridade e confianza dos nenos/as, fomentando a súa propia autonomía e a formación da súa personalidade de xeito libre e respectuoso.

Ofertaremos unha formación progresiva e ordenada que favoreza o desenvolvemento das competencias clave. Atenderemos, na medida das

nosas posibilidades, ás diferenzas individuais de cada individuo dentro do grupo, ofrecendo distintas medidas de reforzo ou afianzamento de coñecementos.

Buscamos potenciar unha vida común enriquecedora que permita desenvolver a capacidade de asimilación de cada alumno e alumna e estimular a súa creatividade persoal e colectiva.

Poremos especial coidado á situación emocional do noso alumnado, especialmente nestes momentos de pandemia.

## 17. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE DIVERSIDADE.

A diversidade é unha realidade social, e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo; realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada nena e cada neno, da singularidade de cada familia e de cada unha das mestras/mestres e das particularidades da nosa escola. O noso equipo docente, concibe a diversidade como a garantía dun tratamento educativo que parte desde a situación real de cada neno e nena, tendo en conta os referentes de procedencia e respectando os ritmos e estilos de aprendizaxe.

En base ao Plan de Atención á Diversidade, establecemos os seguinte **principios xerais de actuación** para o presente curso:

- A atención á diversidade rexerase polos principios de: normalización, inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación.
- As accións preventivas e de atención temperá terán carácter prioritario. Priorizaremos o diagnóstico de nenos/as con NEAE para unha axeitada atención
- A intervención educativa basearanse nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.

- Colaborar cos Servizos Sociais do concello, o Centro de Información á Muller, o Hospital Materno infantil en canto a diferentes situacións que se nos presentan
- Rentabilizar ao máximo a existencia de recursos persoais.

As medidas a levar a cabo neste eido serán:

- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- Adecuación de horarios, agrupamentos, espazos e metodoloxías ás características do alumnado.
- Atención individualizada por parte da mestra de A.L.
- Programa de reforzo ao pensamento lóxico-matemático.
- Programa de reforzo de lectoescritura.
- Programa de Estimulación da Linguaxe Oral.

## 18. PLAN DE ORIENTACIÓN

De conformidade co artigo 71.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, **enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo** aquelas alumnas e aqueles alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por encontrarse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

### **18.1. Criterios para a atención do alumnado polo profesorado de apoio.**

1º.- Necesidades educativas especiais ou graves trastornos de conduta diagnosticados polos servizos da Consellería de Sanidade, con informe do

Equipo de Orientación Específico ou entidades privadas, teñan o non Adaptación Curricular.

2º.- Alumnado con Adaptación Curricular.

3º.- Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que ten dificultades para acadar aprendizaxes mínimos ou básicos, mesmo ca aplicación medidas ordinarias.

4º.- Prevención de dificultades, en función da gravidade de cada caso.

Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador.

As medidas de carácter extraordinario levaranse a cabo unha vez esgotadas as medidas ordinarias. Enténdese o apoio do profesorado de PT e AL como unha medida extraordinaria.

A intervención profesional do profesorado especialista en Audición e Linguaxe debe entenderse como un recurso dirixido, especialmente, á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado que imparte as áreas ou materias nas que o alumnado recibe o apoio.

Segundo a **ORDE do 22 de xullo de 1997**, *Capítulo V. 2.1.9: “O profesorado que non cubra as vinte cinco horas lectivas poderáselle asignar tarefas relacionadas coa atención á diversidade do alumnado con dificultades de aprendizaxe ou con necesidades educativas especiais”*.

O apoio realizarase preferentemente dentro da aula ordinaria. A especialista de AL poderá sacar da aula, previa autorización da familia, aos alumnos ou alumnas que requiran de atención específica de linguaxe.

A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.

Corresponderá á Xefatura do Departamento a provisión do número de horas que lle corresponda a cada alumno ou alumna percibir en función da gravidade das súas necesidades.

Calquera modificación no horario do alumnado precisarán da supervisión da orientadora do centro, quen informará destes cambios ao profesorado implicado. Informarase dos cambios ás familias.

Por outra banda, cando o alumnado non precise seguir recibindo o apoio debido a unha óptima evolución no seu proceso de ensino-aprendizaxe, o profesorado de apoio fará un informe de alta e entregará copia á xefatura do departamento.

A mestra de AL facilitará información sobre o traballo realizado co alumnado, cando sexa requirido, polas titoras, ás familias, a xefatura do departamento e a responsable do centro.

A final de curso elaborará un informe de cada alumna ou cada alumno ao que prestou apoio. Deixarase copia no departamento de orientación e no expediente do alumnado.

A familias poderán solicitar reunións co profesorado de apoio a través do profesorado titor.

## **18.2. Avaliación psicopedagóxica**

Situación nas que se require unha avaliación psicopedagóxica e orde de prioridade:

- Se procederá á realización da avaliación psicopedagóxica cando, por circunstancias excepcionais, o demande a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

- Alumnado que precisa da modificación das medidas educativas extraordinarias para seguir o proceso de ensino-aprendizaxe (exemplo: ditame de escolarización, flexibilización...)
- Se se prevé a necesidade dalgunha medida extraordinaria de atención á diversidade que require, previamente, esa avaliación.
- Se se prevé a necesidade de recursos educativos complementarios ou apoios especializados de difícil xeneralización.
- Existencia dalgún tipo de discapacidade, trastorno ou circunstancia que lle afecte ao seu desenvolvemento xeral así como á súa aprendizaxe. Igualmente, se existen indicios de altas capacidades intelectuais.
- Os resultados da avaliación inicial deban complementarse con esa avaliación

Corresponde as titoras, cando se cumpra algunha das situacións descritas no punto anterior, realizar a solicitude de avaliación psicopedagóxica á xefatura do departamento de orientación que, previa comunicación á Responsable do centro, informará e pedirá a autorización á familia.

Para a realización da avaliación psicopedagóxica utilizaranse as técnicas e os instrumentos propios da orientación educativa e profesional, tales como a observación en diferentes contextos, a entrevista, os cuestionarios e probas psicopedagóxicas e a análise das producións escolares e do expediente do alumnado.

Corresponde ao equipo docente, coordinado pola titora, achegar á xefatura do departamento de orientación información sobre a competencia adquirida respecto do currículo de referencia, a colaboración da familia, a interacción coas compañeiras e cos compañeiros, a actitude ante as propostas de aprendizaxe, o compromiso coas tarefas encomendadas e as medidas de atención á diversidade adoptadas.

A persoa responsable de realizar a avaliación psicopedagóxica do alumnado poderá requirir as achegas doutro persoal que atende a alumna ou o alumno na escola, das persoas titoras legais e, de ser o caso, as dos profesionais que interveñen na súa atención integral.

Dito isto, solicitarase ao profesorado, ademais de enquisas ou informes, toda a documentación relativa a:

- Avaliación inicial realizada ao comezo do curso.
- Medidas educativas ordinarias levadas a cabo
- Programas de Reforzo e Recuperación
- Informes individualizados
- Tarefas realizadas polo profesorado con dispoñibilidade horaria nos apoios.
- Calquera outra información relevante a ter en conta.

As solicitudes de intervención do Departamento de Orientación caducarán ao remate de cada curso escolar.

### **18.3. Memoria**

**ORDE do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.**

Ao final de curso, a Orientadora realizará unha memoria na que se recollerán, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) Modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do plan, programa ou programas e cambio, se procede, na realidade educativa.
- b) Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos no dito plan, así como a implicación e participación dos diferentes profesionais que colaboren nel.
- c) Conclusións e propostas concretas de mellora.

Esta memoria será entregada á Responsable da escola para a súa inclusión na memoria final do centro.

Tamén, ao finalizar o curso escolar, a mestra de AL elaborará unha memoria na que incluírá, cando menos, os seguintes aspectos:

- a) Número de alumnado ao que apoiou ao longo do curso, con indicación da ensinanza e do nivel (só o número de alumnos/as da totalidade do nivel, sen especificar casos, nomes ou iniciais)
- b) Valoración da coordinación co profesorado titor e co profesorado das áreas ou das materias nas que realizou as intervencións de apoio.
- c) Valoración da repercusión das medidas de apoio no alumnado.
- d) Previsións para o curso seguinte e propostas de mellora, de ser o caso.

A memoria será entregada á xefatura do departamento de orientación, e será incluída na memoria anual do centro.

#### **18.4. Medidas metodolóxicas e organizativas**

- Nun inicio, como medida de prevención en Educación Infantil, facilitaranse pauta de actuación xerais ás familias para potenciar unha correcta pronunciación dos sons da lingua.
- Plan Acollida ao alumnado de NEE para o inicio do curso. Comezo dos horarios do profesorado de AL ao inicio do curso. Reforzo do apoio, na aula ordinaria.
- Colaboración para a xestión de becas para alumnado con necesidades especiais durante o mes de setembro.
- Colaboración de todos os especialistas na realización das avaliacións iniciais.
- Realizar avaliacións psicopedagóxicas, así como asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme o procedemento e criterios establecidos no proxecto curricular do centro e responsabilizarse, cando cumpra, da elaboración do informe psicopedagóxico.



- Actualización do Plan de Atención á Diversidade.
- Velar pola confidencialidade dos documentos.
- Adquisición ou elaboración de materiais e recursos específicos tendo en conta as novas necesidades.
- Colaborar co profesorado na atención do alumnado con necesidades educativas.
- Actualización dos distintos protocolos de atención á diversidade.
- Colaborar co equipo docente na detección de necesidades do alumnado en risco de exclusión en caso de confinamento así como participar na provisión dos recursos e materiais necesarios.
- Cooperar cos membros do Equipo de Orientación Específico e con outros recursos externos ao centro.
- Promover a colaboración das familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Potenciar a acción Orientadora no caso de confinamento.
- Manter unha coordinación co profesorado titor de alumnado con necesidades educativas.
- Revisar, axustar ou modificar as medidas de apoio ou reforzo que recibe o alumnado.
- Pedir apoio e asesoramento a Inspección Educativa.

## **19. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEE. PROGRAMA DE AUDIÇÃO E LINGUAXE**

No noso centro a intervención educativa ten en conta como principio a inclusión e a diversidade, entendendo que deste xeito garantirase o desenvolvemento de todo o alumnado e a atención personalizada en función das necesidades de cada quen. O obxectivo primordial é a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (n.e.a.e), en estreita colaboración e coordinación coas titoras, proporcionándolles as respostas educativas necesarias.

A organización da aula de Audición e Linguaxe está rexida polos principios de prevención, atención temperá e flexibilidade organizativa; contemplando a posibilidade de realizar diferentes modificacións na distribución horaria así coma nos agrupamentos, en función das necesidades que poidan xurdir ao longo do curso. No caso de que a demanda de atención exceda as posibilidades de resposta e sexa precisa unha selección do alumnado para realizar unha intervención directa, comezarase por responder en primeira instancia os nenos/as que precisen máis axuda para acceder a un sistema que lle sirva para satisfacer a necesidade de comunicarse co seu entorno.

De acordo co artigo 38.4 do Decreto 229/20011, enmarcado no Plan Xeral de Atención a Diversidade do CEIP Galán ao que está adscrita a nosa escola, establecéronse os seguintes criterios de atención ao alumnado con n.e.a.e para a distribución dos apoios por parte da especialista de AL:

1. Priorizarase ao alumnado con necesidades educativas especiais ou graves trastornos da conduta diagnosticados polos servizos da Consellería de Sanidade, sen exceder nunca  $\frac{1}{3}$  da xornada escolar.
2. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que xa esgotara a medida de permanencia dun ano máis nun mesmo curso e que ten dificultades para acadar aprendizaxes mínimos ou básicos, aínda coa aplicación de medidas ordinarias.
3. Como criterio xeral, atenderase ao alumnado que proceda dun país estranxeiro cunha lingua diferente a calquera das dúas linguas cooficiais.
4. Unha vez valorados os tres criterios anteriores, favorecerase ao alumnado de maior idade.
5. Cubertas estas necesidades, darase atención ao alumnado que manifeste atraso madurativo da fala ou outras dificultades asociadas á linguaxe.

No presente curso está previsto levar a cabo dúas liñas de actuación:

- Intervención a nivel de grupo-aula, desenvolvendo o “Programa de Estimulación da Linguaxe Oral” (P.E.L.O) na aula de AL.
- Intervención individualizada na aula de AL con aqueles alumnos/as que presentan dificultades no ámbito da comunicación e/ou da linguaxe.

Neste curso realízanse as sesións de PELO dentro da aula específica para contar con todos os materiais necesarios en cada unha das sesións. Cada grupo acode días alternos para asegurar a ventilación e a limpeza da aula e dos materiais. Nas sesións individuais de AL tamén se levan a cabo as medidas de hixiene pertinentes de lavado de mans, de desinfección dos espazos e materias empregados.

No momento de elaborar esta programación os alumnos/as cos que se está a traballar son os seguintes:

<b>ALUMNO/A</b>	<b>NIVEL</b>	<b>DIAGNÓSTICO</b>	<b>Nº SESIÓN SEMANAIS</b>
1	6º	Posible T.E.A. con hiperactividade. A.C.S. e Flexibilización.	4
2	6º	Múltiples dislalias e retraso madurativo da linguaxe	2
3	6º	Dificultades articulatorias (dislalias).	2
4	6º	Dificultades de comprensión e dificultades articulatorias (dislalias).	2
5	4º	Ausencia de linguaxe oral, falta de autonomía e adquisición de comprensión sinxela	2

Debido ao número de alumnos/as que presentan N.E.A.E, consideramos fundamental que exista seguimento destes casos por parte da orientadora.

### **19.1. Obxectivos**

Obxectivos en relación aos alumnos e alumnas que reciben **atención individualizada**:

En función das necesidades de cada neno/a elaborárase unha programación de traballo individualizada, pero en liñas xerais pódese sinalar a seguinte proposta de obxectivos:

- Dotar precozmente aos alumnos/as dun sistema de comunicación.
- Favorecer o uso da linguaxe como medio de interacción social, coñecendo e respectando as normas básicas da comunicación.
- Potenciar a capacidade comunicativa e lingüística dos alumnos/as, abordando as diferentes dimensións da linguaxe: forma, contido e uso
- Dotar ao alumnado dunha linguaxe positiva respecto a si mesmo e aos demais.
- Modificar a conducta lingüística alterada e xeneralizar o seu uso na linguaxe cotiá.

Obxectivos do **Programa de Estimulación da Linguaxe Oral**:

- Previr posibles alteracións lingüísticas, potenciando os mecanismos básicos da linguaxe (audición, voz e articulación) e establecendo a adquisición das dimensións da linguaxe (forma, contido e uso).
- Estimular o desenvolvemento comunicativo e lingüístico das alumnas e dos alumnos, atendendo ós procesos de comprensión e produción lingüística e as dimensións da linguaxe.
- Detectar posibles casos de alumnos e alumnas con dificultades na linguaxe, adoptando as medidas que se estimen oportunas.
- Desenvolver as habilidades metafonolóxicas e cognitivas de cara facilitar a adquisición da lectoescritura e previr posibles alteracións neste proceso.

- Potenciar a xeneralización das aprendizaxes realizadas na aula de Audición e Linguaxe ao grupo-aula, no caso dos nenos/as que reciban unha atención individualizada.

Obxectivos en relación ó profesorado:

- Favorecer, establecer, facilitar e potenciar a comunicación a través da planificación, a avaliación, a intervención e o asesoramento.
- Prestar colaboración e asesoramento na elaboración da programación da área de linguaxes: comunicación e representación.
- Colaborar na prevención e detección de dificultades na linguaxe.
- Orientar as adaptacións necesarias que o proceso educativo dos alumnos/as requira nos aspectos referidos á linguaxe.
- Colaborar na avaliación continua do proceso de ensino-aprendizaxe na área de linguaxe.

Obxectivos en relación ás familias:

- Potenciar a cooperación e implicación das familias no proceso de intervención logopédica cos seus fillos e fillas, tratando de establecer relacións fluídas entre a familia e a escola.
- Informar sobre as necesidades educativas que presenten os rapaces e o proceso de ensino-aprendizaxe no ámbito da linguaxe.
- Ofrecer orientacións para favorecer a consecución e xeneralización dos obxectivos propostos.

## **19.2. Contidos**

No caso do Programa de Estimulación da Linguaxe Oral, os contidos específicos a traballar estarán adaptados ao desenvolvemento evolutivo e as necesidades de cada grupo-aula. Do mesmo xeito, a programación de traballo con aqueles alumnos/as que reciban atención individual, estará adaptada as súas necesidades persoais.

Nos dous casos, e de modo xeral os contidos a traballar serán os que seguen:

1.-Desenvolvemento das condutas previas:

1.1.-Atención, memoria, percepción e razoamento

1.2.-Contacto visual e capacidade de observación

1.3.-Imitación xestual

1.4.-Seguimento de instrucións

2.-Bases funcionais

2.1.-Audición

2.2.-Aparato fonador: órganos articulatorios, praxias buco-faciais, respiración e sopro bucal.

3.-Dimensións da linguaxe

3.1.-Forma: fonética, fonoloxía e morfosintaxe

3.2.-Contido :vocabulario comprensivo e expresivo

3.3.-Uso: pragmática

4.-Procesos da linguaxe

4.1.-Comprensión

4.2.-Producción

4.3.-Lectoescritura

A maiores, os contidos a ter en conta en xeral dentro da aula de AL serán os seguintes:

- Intervención, potenciación, facilitación e asesoramento sobre aspectos comunicativo - lingüísticos.
- Competencia comunicativo - lingüística.

- Linguaxe oral como medio de comunicación e interacción social.
- Prevención dos trastornos da linguaxe e da fala.
- Respiración, sopro, discriminación auditiva, praxias bucolinguofaciais, motricidade...
- Atención, memoria, razoamento, percepción...
- Fonética/fonoloxía, semántica, morfosintaxe e pragmática.
- As competencias clave.
- Implicación dos membros da comunidade educativa e das familias.

### **19.3. Metodoloxía**

A metodoloxía será activa, inclusiva e participativa. Os principios xerais que guiarán a intervención, tanto no caso do Programa de Estimulación Lingüística coma na intervención individualizada, son os seguintes:

- Priorización da comunicación e do uso dunha linguaxe funcional nos diferentes contextos para os alumnos/as.
- Dotación de forma precoz ao alumnado dun sistema de comunicación. En determinados casos, pode ser preciso facilitar a determinados nenos/as o acceso a un sistema alternativo ou aumentativo de comunicación (S.A.A.C) para facilitar a interacción; isto non supón un obstáculo nin o abandono do obxectivo de lograr o mellor nivel de comunicación oral posible para cada alumno/a.
- Abordaxe do tratamento na área da linguaxe desde un enfoque pluridimensional e multisensorial.
- Prestar especial atención aos aspectos relacionados coa motivación e o autoconceito para comunicarse e interaccionar, empregando reforzadores naturais, é dicir, reforzos que están significativamente relacionados coa resposta comunicativa.
- Adecuación da organización da aula ás NEAE do alumnado.
- Emprego de tarefas sinxelas e claras que se leven a cabo dun xeito lúdico, coa fin de aumentar a motivación e o interese do alumnado.

- Procurar que o alumnado aprenda a aprender, para formar así alumnos/as cada vez máis autónomos/as.
- Ter en conta durante todo o proceso a individualización das tarefas do alumnado, sendo estas adaptadas en función das características do mesmo.
- Creación dun ambiente escolar de afecto, confianza e respecto, tanto no centro como dentro da aula.
- Organizar os contidos mediante un enfoque globalizador.
- Considerar o xogo como recurso.
- Partir dos intereses, experiencias, competencias e necesidades propias do alumno/a.
- Ter en conta os distintos ritmos e estilos de aprendizaxes.
- Potenciación das aprendizaxes significativas e funcionais.
- Establecemento dunha coordinación estreita coas familias, co equipo docente, coa orientadora e outros profesionais que poidan intervir co alumnado.
- Xeneralización das aprendizaxes noutros contextos. Valoración inicial dos coñecementos previos do alumnado, axustando así a resposta educativa ás NEAE de cada un, contando coa área do desenvolvemento próximo e tendo en conta os seus centros de interese.

Todo isto realizarase tendo en conta os seguintes principios:

**Redundancia:** facer chegar a información ao alumnado polas distintas canles sensoriais.

**Sobregradación:** partir das actividades e aprendizaxes sinxelas para ir encadeando aprendizaxes máis complicadas.

**Encadeamento cara atrás:** proporcionarlles toda a axuda e instrucións necesarias ara ir eliminándoas pouco a pouco ata que o neno/a logre facelo por si mesmo.

#### **19.4. Avaliación**



A intervención cos alumnos/as realízase partindo dunha avaliación inicial, para determinar as necesidades e elaborar un programa de intervención individualizado, na que se empregan diferentes procedementos:

- Lectura e análise de informes previos.
- Exploración logopédica, valorando os diferentes procesos e dimensións da linguaxe.
- Entrevista coa mestra titora.
- Entrevista coa familia.
- Observación directa e sistemática na aula.

Ao longo do curso levarase a cabo unha avaliación continua e formativa para estimar o grao de consecución dos obxectivos propostos e introducir as modificacións que sexan precisas atendendo ás necesidades. Dita avaliación realizarase de xeito coordinado co profesorado que intervéñ con este alumnado. É fundamental valorar tamén os propios programas de intervención co obxectivo de comprobar en que medida os recursos son axeitados e eficientes.

E por último, unha avaliación final na que se recollerán os datos significativos cara a definir as posibles propostas de mellora, quedando todo isto recollido nun Informe Final de A.L.

## 20. PLAN DE CONVIVENCIA

### **20.1. Criterios de actuación respecto ao alumnado que presenta alteracións conductuais:**

Procuramos que exista a máxima coordinación entre o profesorado do centro e as familias ou titores legais dos nenos. No caso de haxa condutas que requiran unha avaliación psicopedagóxica por parte da orientadora, tamén se promoverá a unificación de criterios cara a unha intervención o máis axeitada posible.

Cando a alteración de conduta sexa reiterada e requira reparacións (físicas ou psicolóxicas), procuraremos que as sancións ou compromisos sexan axustados ao feito que as provocan. Na medida do posible, promoveremos a implicación das nenas e nenos á hora de acordar o tipo de conduta que pretendemos modificar e as consecuencias que se derivan do seu incumprimento, así como as vantaxes do feito de cumprir o acordado en canto ao seu comportamento. Este mesmo xeito de intervir trasladarase ao grupo aula no que convive o neno ou nena, acordando na medida do posible o tipo de comportamento que se espera do grupo.

Sinalar que, no caso de que sexan moitas as condutas a modificar nun alumno, procuraremos ser realistas no sentido de non pretender abarcalas todas ao mesmo tempo, valorando paso a paso e cada logro por pequeno que sexa. Cando hai máis profesorado implicado na intervención, cada titora será a encargada de coordinar a intervención.

## **20.2. Criterios e actuacións ante situacións de posible acoso:**

Entendemos que as nosas actuacións terán un carácter fundamentalmente preventivo. Pensemos que, ao igual que noutros ámbitos os do ensino, na etapa de Educación Infantil o profesorado mediante as distintas observacións do comportamento dos nenos e nenas, detectamos síntomas que serán antesala de condutas que poden ser preocupantes no futuro e requirir un tratamento máis específico.

As actuacións en canto a acoso entre iguais enmárcanse nese contexto, entendendo acoso como unha conduta reiterada de mal trato físico ou psicolóxico que realiza unha persoa contra outra. Comportamentos de maltrato son os insultos, burlas, alcumes, falsos rumores, pegar, ameazar, agachar ou estragar pertenzas, etc.

Falamos de acoso cando estas situacións se repiten entre as mesmas persoas coa intención de facer dano e aproveitando o desequilibrio de poder entre elas.

### **20.3. Normas e procedemento na resolución de conflitos:**

Sabemos que hai condutas que dificultan a convivencia, por citar algunhas teríamos:

- Agresións físicas: Pegar, pelexar, rabuñar, empurrar, patexar, facer azancadiña,...
- Agresións psicolóxicas: Insultar, excluír aos compañeiros, rirse dos erros dos demais, coller materiais dos demais sen permiso,...
- Agresións que molestan no ambiente xeral do centro: berrar, chegar tarde, falar en voz alta cando os demais están traballando, dar portazos, deteriorar o material por mal uso...

Estas agresións poden darse en distintos lugares (aulas, corredor, patio, ...), en distintos momentos da xornada (mentres traballo ou xogo, mentres entro e saio da escola, ...) e a distintas persoas ( a min mesmo, aos iguais, aos docentes, a nenos doutras aulas menores ou maiores, a miña familia,...).

Nestes procesos, e sempre de acordo coas características madurativas dos nenos e nenas, educaremos na práctica de habilidades sociais, na liña de intervencións como as seguintes:

- \*Que foi o que pasou?
- \*Por que o fixeches?
- \*Debes de ter un motivo para portarte así, pero non podes molestar ou lastimar aos demais, nin a ti mesmo.
- \*Como te sentirías se alguén te fixera iso?
- \*Que consecuencia cres que merece o teu comportamento?
- \*Que podes/podemos facer para que a próxima vez, pares antes de facer iso?

Estas son sempre liñas de actuación xeral, que deberán adaptarse á realidade socio-familiar de cada neno/nena que sabemos que a día de hoxe pode ser tan cambiante como complexa. Liñas de actuación que ademais se enmarcan nas

normas e sancións establecidas en cada aula (retirada de privilexios como o tempo de xogo, cambio de sitio comunicación á familia cando se considera oportuno, etc).

## **21. PLAN DE IGUALDADE**

Vivimos nunha sociedade cambiante, na que cada vez resulta máis necesaria unha formación integral como persoas e unha maior capacidade de adaptación a situacións novas.

Nese contexto, o papel da educación é fundamental para adaptarnos ás demandas actuais. Debemos preparar ao alumnado para que aborde con éxito os retos do presente e do futuro, e para elo é imprescindible que aprendan a convivir en sociedade, a respectar aos demais e a valorar a diversidade como fonte de aportacións enriquecedoras e necesarias.

Na EEI de Vilarrodís-Oseiro traballamos de xeito transversal todos os cursos a educación en valores. A metodoloxía baseada en proxectos temáticos e obradoiros puntuais, facilítanos o tratamento da igualdade de oportunidades.

Nenas e nenos conviven e colaboran en todo tipo de actividades e tarefas educativas, promovendo deste xeito que no futuro teñan iniciativa, independentemente do seu sexo e sen atender a estereotipos.

Malia elo precísase unha maior concienciación en toda a comunidade educativa, posto que debemos romper moitos clichés que están fundamente introducidos na nosa formación e nos nosos costumes, e con frecuencia nin sequera somos conscientes diso.

Para elo, no apartado 3 comentaremos a análise dos principais documentos do centro, para avaliar o tratamento que se lle dá á Igualdade e non discriminación na nosa escola. Deste xeito poderemos detectar as carencias e as necesidades de actuación.

Será imprescindible neste camiño o consenso e a participación de toda a comunidade educativa, facéndose eco das propostas que se vaian realizando cada curso, entre as que cabe destacar como xa realizadas: contacontos polas

familias na biblioteca da escola abordando esta temática; catálogo para a selección de xoguetes sen estereotipos de xénero nas vésperas do Nadal; etc.

## **21. 1. Contextualización normativa e do centro**

MARCO LEGAL:

- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero. (Lei integral contra a violencia de xénero)
- Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio, de Educación (LOE)
- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (Lei de igualdade)
- Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Protocolo de identidade de xénero (abril 2016)
- Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa, para a elaboración dos Plans de Igualdade no curso 2019/20, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, U. e FP.

## DOCUMENTOS DO CENTRO:

- Proxecto Educativo
- Plan de Convivencia
- N.O.F.
- P.X.A.

### **21. 2. Análise da linguaxe da escola en relación coa igualdade de xénero.**

Nos documentos que manexamos na escola, xa citados anteriormente, comprobamos que se empregan algúns xenéricos (alumnado, profesorado,...), mais outros precisan ser rectificadas en cursos vindeiros.

Respecto á utilización deste tipo de linguaxe nas intervencións cotiás, tanto co alumnado como coas familias, sería necesario facer unha reflexión tanto individual, como de claustro , cara a detectar posibles melloras no futuro. Pensemos que aínda que sexamos conscientes desta necesidade, as aprendizaxes e o contexto social como profesionais da educación, sempre marcan o tipo de linguaxe utilizada.

### **21.3. Obxectivos coeducativos do plan**

#### **Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes**

- Promover actitudes de rexeitamento das desigualdades e discriminacións derivadas da pertenza a un determinado sexo.

- Contribuír a que o alumnado sexa quen de identificar situacións nas que se produce algún tipo de discriminación polo xénero, de analizar as súas causas e de actuar á súa vez de acordo con estes valores igualitarios.
- Ofrecer alternativas ao sexismo existente na sociedade, proporcionar unha escola xusta e, polo tanto, coeducativa. É dicir, aplicar a perspectiva de xénero nas accións diarias do centro.
- Proporcionar ao alumnado oportunidades de acción en igualdade de oportunidades, nas que tanto as nenas coma os nenos realicen as mesmas actividades en colaboración e respecto mutuo.

#### Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

- Potenciar un axeitado desenvolvemento da autoestima, tanto nas nenas coma nos nenos, para que ninguén precise sentirse superior aos demais por falta de seguridade en si, nin se deixe avasalar ou tratar sen respecto.
- Fomentar a sensibilización do alumnado para que aprendan a poñerse na pel dos demais, a sentir e comoverse coa dor allea, e a procurar axuda a quen a necesita.
- Desenvolver no alumnado hábitos de xestión emocional e habilidades sociais axeitadas para a resolución de conflitos, a convivencia pacífica e o respecto polos demais.
- Concienciar a toda a comunidade educativa da necesidade de prestar atención ás posibles vítimas de violencia de xénero, pois con frecuencia non son quen de denunciar a situación padecida e precisan da axuda das persoas próximas.
- Divulgar entre a comunidade educativa todas aquelas información ou accións relativas á Igualdade.

#### 21.4. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos

### Organización do centro.

- Continuidade da organización de obradoiros de aprendizaxe, nos que nenas e nenos realicen as tarefas propostas en colaboración e equidade.
- Dotación á Biblioteca escolar de materiais específicos encamiñados á educación na igualdade entre nenas e nenos. Ao tempo que incorporamos narracións e contos sobre mulleres relevantes da historia nos distintos ámbitos: artístico, científico, literario, etc.
- Revisión e selección dos textos e materiais curriculares que contemplan un tratamento equilibrado de xénero, tanto na súa linguaxe coma na visibilización das mulleres nos distintos ámbitos do saber.
- Realizar prácticas que visibilicen a violencia cara as mulleres, considerando o seu rexeitamento como un compromiso social e educativo (publicitación de carteis ou materiais distribuídos polas distintas administración nese ámbito e con datas sinaladas: 25 de novembro e 8 de marzo).

### Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- Utilización da linguaxe inclusiva en todos os documentos oficiais do centro, revisando os xa existentes, así como nas comunicacións coas familias e co resto da comunidade educativa. Poñerase especial coidado en non empregar en ningún caso o masculino xenérico, senón ambos xéneros de xeito explícito, sen abusar do uso de guións ou barras para indicar o outro xénero, nin empregar símbolos discutibles como linguaxe inclusiva como “-@” ou “-x”. O ideal se é posible é empregar substantivos de xénero neutro, que non indiquen masculino nin feminino senón colectividade de persoas (por ex. alumnado, familias, profesorado...).



- Visibilización da presenza e da importancia das mulleres en todos os ámbitos da sociedade: cultura, investigación, política, deporte, prensa...
- Participación igualitaria do alumnado en todo tipo de actividades: deportivas, artísticas, tecnolóxicas, creativas...

### Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Racionalización do uso dos espazos, especialmente os de lecer (patio de recreo), estimulando ás rapazas a facer uso dos espazos e do movemento sen restricións.
- Reparto equilibrado de tarefas e responsabilidades entre o alumnado de ambos sexos. Evitaremos caer no cliché diferenciado en canto á función de coidadora asociada ao feminino. Isto faise especialmente necesario nunha etapa cunha maioría de presenza feminina entre o profesorado.
- Fomento da liberdade de elección tanto para os nenos como para as nenas, eliminando os estereotipos sexistas que asocian unha profesión con homes ou con mulleres.

### Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- Concienciación da importancia de incluír a perspectiva de xénero en todos os ámbitos da educación.
- Realización de actividades de formación sobre coeducación en colaboración coa ANPA e dirixidas ás familias.
- Integración e normalización da diversidade afectiva e sexual, potenciando unha educación tolerante e integradora.
- Igualdade de trato entre o alumnado en todos os aspectos educativos (curriculares, organizativos, metodolóxicos, actitudinais...)

- Colaboración con outros organismos e institucións para ofrecer recursos e actividades sobre coeducación.
- Fomento do liderazgo entre as nenas, e transformando o liderazgo masculino nun liderazgo compartido e corresponsable.
- Erradicación dos comportamentos e actitudes relacionais entre o alumnado que non sexan igualitarios, desterrando dende a aula os comportamentos e a linguaxe sexistas.

### **21.5. Seguimento e avaliación.**

A final de curso realizaremos unha avaliación de resultados:

#### Indicadores:

- Actuacións realizadas en prol da igualdade.
- Número de persoas beneficiadas en cada actuación

#### Avaliación de resultados:

- Grado de cumprimento dos obxectivos plantexados no Plan de Igualdade
- Nivel de corrección das desigualdades detectadas
- Grado de consecución dos resultados esperados

#### Avaliación do proceso:

- Nivel de desenvolvemento das accións emprendidas
- Grado de dificultade encontrado/percebido no desenvolvemento das accións
- Tipo de dificultades e solucións emprendidas
- Cambios producidos.

## **22. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO.**

Os resultados da pregunta ás familias sobre a lingua materna dos nenos e nenas quedan reflectidos no seguinte cadro

LINGUA MATERNA	GALEGO	CASTELÁN	AMBAS	OUTRAS
4º EI	0	3	1	1
5º EI	2	2	1	1
6º EI	3	6	1	
TOTAIS	5	11	3	2

O análise da interacción amosa que algúns dos nenos e nenas galegofalantes tenden a manter a súa lingua ao falar coa mestra, aínda que a perden ao falar cos iguais a favor do castelán.

A meirande parte do alumnado procede de familias da zona e os seus maiores falan galego, polo que entenden as dúas linguas.

As estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira ámbalas dúas linguas son:

- Empregar a nivel individual a lingua coa que o neno/a se sinta máis seguro e familiarizado.
- Empregar ámbalas dúas linguas en contextos grupais, con actividades encamiñadas á adquisición de vocabulario e expresións en ámbalas dúas linguas.

Dende a escola se dinamiza o uso da lingua galega de xeito diario mediante actividades propias de aula na lingua propia. Celebramos festas tradicionais galegas como o magosto ou o Samaín fomentando o uso do galego mediante cantigas, poesías e dramatizacións en galego.

Dende a biblioteca escolar se fomenta a adquisición de material bibliográfico en galego, o cal chega ás familias en forma de préstamo domiciliario de fondos.

Creamos materiais e recursos educativos en galego.

## **23. ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**

Nestes primeiros anos de escolaridade a lingua oral na escola, tanto na comprensión como na expresión é determinante, polo cal a escola proverá un programa variado en actividades de diversa índole para estimular a riqueza da lingua.

- Realizar ás comunicacións oficiais do centro en galego.
- Utilización do galego na páxina web e nos blogs do centro como ventá do noso traballo ás familias e ó exterior.
- Preparación dos proxectos de traballo e/ou unidades didácticas para a aprendizaxe da lectoescritura en galego.
- Desenvolvemento de actividades pedagóxicas especificamente deseñadas para a animación á lectura: dramatizacións, sesións de contacontos, representacións de monicreques...
- Traballo da lingua oral e escrita nas aulas a través de diverso material: libros, DVD, CD, Internet, CD-ROM...
- Realización de actividades que teñan como finalidade escoitar, reflexionar e conversar sobre contos modernos e clásicos en lingua galega.
- Audicións de cantigas tradicionais e infantís en lingua galega.
- Realización de xogos tradicionais e actuais en galego.
- Exposicións sobre diferentes temas e conmemoracións en galego: o Samaín, o Nadal, o Día das Letras Galegas, a reciclaxe...

## 24. PROGRAMACIÓN PARA O TRATAMENTO DA LINGUA INGLESA.

A escola participa no programa de plurilingüe en inglés da Consellería dentro do programa Plurinfantil da estratexia EDUlingüe. O tempo de ensino en Inglés seguirá conforme o cadro seguinte:

NIVEL EDUCATIVO	HORARIO INGLÉS	HORARIO ADICIONAL PROXECTO	HORARIO TOTAL INGLÉS
Grupo mixto de 4º e 5º E.I.	2 sesións de 30 min	2 sesións de 45 min	150 min
6º E.I.	2 sesións de 30 min	2 sesións de 45 min	150 min

Para axudar a mellora das competencias lingüísticas en inglés do alumnado e do equipo docente se nos concedeu unha auxiliar de conversa compartida co CEIP Curros Enríquez de A Coruña. A nosa escola esta designada como centro base. Segundo os plans de prevención Covid, a permanencia da auxiliar será dende o 1 de outubro do presente ate o 31 de xaneiro de 2022, cun horario de 16h a semana distribuídas de luns a xoves. O nome da auxiliar é Jaemie Rose Taniog, de nacionalidade filipina.

O enfoque do proceso de ensino aprendizaxe é comunicativo, globalizado, significativo e integrador. Vanse propoñer actividades que produzan contextos comunicativos reais e funcionais para que os nenos e as nenas poidan participar nun proceso de escoita –reacción –comunicación. Se pretende o contacto oral coa lingua estranxeira dun xeito lúdico e pracenteiro para que adquiran paseniñamente os sons, o vocabulario e as estruturas gramaticais da lingua meta. Tentarase favorecer as aprendizaxes dende unha aproximación multisensorial e fomentar a adquisición das competencias básicas.

A ratio de alumnado permite unha maior interacción oral individual. Non se emprega libro de texto. Trabállase dende unha metodoloxía variada e activa con contos, monicreques, tarxetas, cancións, vídeos, xogos físicos e virtuais, robots, xoguetes e obxectos reais. Realízanse actividades plásticas, musicais e

físico- deportivas para favorecer a resposta física total (TPR). Os contidos trabállanse dende a proximidade aos seus intereses dentro dun contexto AICLE ( O corpo, os animais, a roupa, a casa e os móbeis básicos, os xoguetes, os transportes...) contidos que vanse revisando e ampliando ao subir de curso escolar. Vanse realizar pequenos proxectos en base a temas próximos.

O proxecto segue as liñas do proxecto curricular de centro e implica a necesaria colaboración entre as titoras e a mestra de inglés á hora de compartir obxectivos, secuenciar os contidos a traballar e delimitar os instrumentos e criterios de avaliación.

### **24.1. Obxectivos para o proceso de ensino-aprendizaxe do inglés**

- Coñecer o seu propio corpo e do dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas nun contexto comunicativo en inglés.
- Observar e explorar o seu medio próximo nun contexto comunicativo en lingua inglesa.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas en inglés.
- Comprender mensaxes orais sinxelos dentro dun contexto e con apoio visual.
- Comprender e usar as convencións lingüísticas máis comúns e sinxelas en Inglés (saúdos, agradecementos,etc).
- Captar o sentido de contos, cancións, vídeos e textos orais sinxelos coa axuda dos apoios visuais e sonoros, os xestos, as expresións faciais, os contextos establecidos, etc.
- Seguir instrucións orais sinxelas en inglés.
- Empregar recursos non lingüísticos para comunicarse.
- Producir mensaxes orais sinxelos en lingua inglesa.
- Participar nas actividades propostas de xogos, movemento, plásticas...
- Amosar unha actitude positiva cara ó aprendizaxe do novo idioma.
- Amosar interese nos aspectos socioculturais dos países de fala inglesa
- Familiarizarse coas novas tecnoloxías en inglés.

## **24.2. Avaliación**

A avaliación realizarase conxuntamente entre a mestra de inglés e as titoras. Será formativa e continua, baseada na observación directa.

Tentarase fomentar a confianza nas propias posibilidades e salientar os logros adquiridos especialmente naqueles nenos e nenas que amosen máis dificultades para, no momento de avaliar, ter en conta as diferentes variables que amosa cada un.

Para establecer si os alumnos/as acadan os obxectivos propostos ou polo contrario é necesario revisar algúns aspectos do programa utilizaranse os seguintes procedementos e instrumentos:

- Observación directa e individualizada de cada alumno/a no desenvolvemento cotiá do proceso ensino-aprendizaxe.
- Realización de actividades enfocadas á avaliación dos contidos traballados. (rodear, colorear, resposta física a estímulo verbal, reprodución de cancións, asociacións...).
- Recollida das notas de interese no diario.

A avaliación estará inmersa nun ambiente de xogo e distensión e irá encamiñada a discriminar si o neno ou nena e quen de cumprir os seguintes criterios:

- Amosa interese na clase de inglés.
- escoita e presta atención á mestra, a auxiliar e/ou compañeiros.
- Resposta non-verbal e/ou verbal ás instrucións.
- Recoñece o vocabulario e as funcións traballadas e empeza a empregalo.
- Participa nas cancións/rimas (letra, accións ou ambas), xogos de Total Physical Response e outras actividades realizadas nas sesións.

- Realiza os traballos gráficos axeitadamente segundo a súa capacidade.
- Respecta os materiais utilizados, as producións propias e as dos compañeiros/as.
- Síntese seguro e confiado nas clases de inglés.
- Relacionase respectuosamente coa mestra, a auxiliar e os outros nenos e nenas da clase.
- Amosa unha actitude positiva cara a aprendizaxe da lingua e cultura inglesa.

De cara a avaliación do proceso xeral e da actuación da mestra atenderase ao funcionamento do grupo clase no desenrolo das actividades e ós resultados da avaliación dos cativos. Os resultados xerais de aprendizaxe do grupo son un indicativo de si a práctica docente e axeitada ou non. Aínda que partimos dos intereses dos nenos é posible que haxa actividades, contidos ou metodoloxías que non funcionen e haxa que modificar.

As familias recibirán información do proceso de ensino-aprendizaxe da lingua inglesa dos seus fillos e fillas a través do boletín trimestral feito en común coas titoras e en calquera momento que se considere oportuno.



## 25. PLAN ANUAL DE LECTURA

O concepto de lectura no noso alumnado refírese a unha introdución no mundo da lingua escrita e sobre todo ao desenvolvemento das capacidades psicomotrices e cognitivas dos nenos e nenas que lles van permitir acadar o dominio futuro da mesma. Contemplamos as posibilidades doutras lecturas dos máis pequenos: dende idades temperás os nenos comezan a interpretar signos, imaxes... Para nós é moi importante o modelaxe dos docentes e das familias para crear un interese na lectura e tamén é básico un bo desenvolvemento da lingua oral.

Este plan fala dunha iniciación e achega ao mundo das letras que temos que intentar que sexa o máis pracenteira posible. Tentaremos que os nenos e as nenas aproveiten as súas posibilidades lectoras, e para iso, deben ter contacto con textos e outros materiais axeitados para a súa idade, manexalos, gozar da interpretación feita por outras persoas, e tamén que se empapen dun hábito lector ao seu redor. Isto crea un interese, un desexo, que favorecerá as aprendizaxes cando o neno ou a nena estean neurolóxicamente preparados para ela.

Nesta etapa de infantil iniciamos as estratexias lectoras aos 3 anos, animando aos nenos e nenas a distinguir o seu nome escrito. Se coloca o nome na mesa, xunto coa súa foto e noutros materiais. Para a súa roupa de abrigo e obxectos persoais teñen unha bolsa grande etiquetada co seu nome, así como na bolsa de préstamo domiciliario hai unha tarxeta co seu nome que animamos a recoñecer entre os outros. Despois seguirá o recoñecemento do nome dos compañeiros e continuarase con nomes de materiais, cartelería, etc, ata ir descifrando as letras e outras palabras.

Un alicerce fundamental da vida escolar, incluso en tempos de pandemia, é a biblioteca escolar. A nosa biblioteca dispón de unha colección de contos, libros informativos, CDs, materiais informáticos e electrónicos variados e modernos.

### **25.1. Obxectivos**

Os principais obxectivos do plan de lectura son:

- Contribuír a que o alumnado adquira as competencias básicas definidas no currículo, especialmente a Competencia en comunicación lingüística.
- Promover no alumnado o hábito da lectura.
- Desenvolver habilidades de información que inicien ao alumnado na capacidade de aprender a aprender.
- Integrar a biblioteca escolar no proceso de ensino-aprendizaxe de cada unha das áreas curriculares, valorándoa coma un centro de recursos.
- Realizar actividades de animación á lectura partindo da biblioteca e en relación coas tics, a dinamización en lingua galega e outros plans e proxectos da escola.
- Adquirir na medida do posible fondos e materiais precisos para os proxectos globais de centro e de aula.
- Implicar á biblioteca escolar na celebración das diversas festas e datas sinaladas no calendario escolar: Outono/Samaín, Nadal, día da Paz, Letras Galegas, día do libro...
- Buscar estratexias para implicar ás familias na creación do hábito lector dos máis pequenos da casa.

## **25.2. Organización de espazos e tempos para a lectura**

A nosa biblioteca escolar “Bibliorrodís”, conta con diversidade de materiais organizados e dispoñibles para a comunidade educativa dentro do horario lectivo.

Ao só ter dúas unidades é moi doada a organización dos espazos. Igual que no pasado, este curso a causa da pandemia do Covid 19, e segundo o plan de adaptación á situación Covid da escola, priorizarase que os dous grupos permanezan todo o tempo posible na súa aula ou no exterior.

Segundo as Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización e funcionamento das bibliotecas escolares para o

curso 2021-22, a biblioteca escolar adaptarase ás medidas de calquera outra aula e seguirá o aforo das demais bibliotecas públicas.

Acorde con iso cada grupo pode acceder a este espazo, sempre acompañado dunha docente que velará pola axeitada ventilación e hixiene. Estas medidas son igualmente válidas para a aula creativa (aula 2) que forma parte da biblioteca.

As aulas das titorías e a de Audición e linguaxe contan cun moble de estantes que se emprega como biblioteca de aula e se nutre dos fondos da b.e. Estes fondos son elixidos polas correspondentes mestras en función das idades e intereses pedagóxicos. Cada titora ten un recanto destinado á biblioteca de aula, que se emprega a diario, onde os nenos poden elixir libros para manexar.

As mestras disporán de todos os materiais da biblioteca para o seu uso nas aulas: libros, dvds, robots, tablets, instrumentos de observación, pizarras luminosas, paneis de luz, xogos educativos...

Contamos con unha casiña de madeira no patio cuberto que funciona como biblioteca de patio.

### **25.3. Rutinas de lectura.**

Nas aulas, dentro do ensino globalizado propio da etapa realizaranse actividades de iniciación á lectoescritura dende os tres anos (recoñecemento do propio nome e do dos seus compañeiros) que irán sendo mais complexas a medida que a maduración neurolóxica de cada alumna e alumno o permitan. Fomentarase o traballo con textos tales como recitados de poesías, dramatizacións sinxelas dirixidas ou espontáneas.

As mestras realizarán lecturas de contos e libros informativos apropiados para a idade para introducir diversos temas, para traballar aspectos do currículo ou simplemente por pracer.

## **25.4. Recursos humanos**

A encargada da biblioteca comprométese a atender as funcións do cargo, estando a disposición do resto do claustro para apoio na busca de materiais para as tarefas docentes.

Todas as docentes que compoñen o claustro comprométense a participar nas actividades aprobadas por unanimidade.

## **25.5. Actividades programadas**

- Formación de usuarios

Todo o alumnado da escola recibirá unha información básica de usuario de biblioteca no sentido do respecto polos diversos materiais, mobles e fondos da mesma.

- Actividades puntuais

Exposicións temporais na entrada da escola con materiais bibliográficos sobre temas de interese, a disposición das docentes e familias que amosen interese.

Participación da b.e. na celebración dos días sinalados no calendario escolar, especialmente en Samaín, o día escolar da Paz, o día do libro e das letras galegas.

Difusión das actividades a través do blog da biblioteca escolar e dos blogs das aulas.

Outras que poidan xurdir ao longo do curso e que se consideren axeitadas pedagoxicamente.

- Programa “Perros y letras”

A obra social de Caixabank financia este programa de animación á lectura e compensación de desigualdades, pensado prioritariamente para alumnado

con NEEs pero extensible a todos os demais. O programa durará todo o curso dende outubro.

- Ler en familia

Manterase o servizo de Préstamo domiciliario semanal no que os alumnos levan un libro dentro dunha bolsiña de tea co logo da biblioteca. O préstamo se fará dende a titoría. Os venres levarán a bolsa personalizada e terán que devolvela o luns.

Continuarase co servizo de Mochilas viaxeiras. As mochilas teñen contos en galego, castelán e inglés así como un libro para as familias, un libro CD e un xogo educativo.

Elaboraranse recomendacións lectoras para as familias, en Nadal e en fin de curso.

## **25.6. Recursos e materiais**

Como dixemos mais arriba a biblioteca escolar Bibliorrodís dispón de numerosos materiais axeitados para a idade do noso alumnado e actualizados. A escola participou dende o curso 2014-15 ata o pasado 2020-21 do programa PLAMBE que achegou aportacións económicas importantes para tal fin.

A escola aporta un 10% mínimo do seu presuposto para adquisición de novos fondos e necesidades relacionadas coa be.

Ademais dos fondos da nosa propia biblioteca contamos coa colaboración das bibliotecas municipais de Arteixo para préstamo.

## **25.7. Seguimento e avaliación**

Criterios

- Consecución dos obxectivos previstos.

- Integración do profesorado no plan de emprego da be.
- Utilización dos fondos da be na práctica educativa.
- Valoración por parte da comunidade educativa das actividades e do servizo de Biblioteca.

#### Instrumentos

- Rexistro de préstamos da B.E.
- Enquisas.
- Grao de participación nas actividades propostas pola biblioteca.
- Instrumentos propios dentro das Titorías para avaliar a proceso lectoescritor.

## **26. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS T.I.C.**

A situación Covid provocou un cambio fundamental á hora de enfocar as novas tecnoloxías de comunicación na escola.

No que respecta as familias, como xa dixemos, a principal vía de comunicación é o teléfono. Están abertas canles de comunicación co alumnado e as súas familias a través da páxina web da escola, blogs, o servizo de mensaxería AbalarMobil e os correos electrónicos. O curso pasado creamos unha conta de Instagram para facilitar o coñecemento da escola nas redes sociais.

Os blogs de aula son pechados para cada un dos grupos. En aberto están os de biblioteca e os blogs de AL e Lingua Inglesa, ofertando actividades e materiais para realizar no fogar.

A realidade é que o apoio das familias ao noso alumnado na posible situación de ensino non presencial é imprescindible. Neste senso apreciamos diferencias por varios motivos; entre outros hai problemas de conectividade ou falta de tecnoloxía nalgúns fogares.

Ao inicio deste curso recabamos os seguintes datos.

DISPOSICIÓN NO DOMICILIO	INTERNET	ORDENADOR CON TECLADO	IMPRESORA
SÍ	19	18	16
NON	2	3	5

A escola elaborou un plan de continxencia (ver anexos) que implica o emprego destas tecnoloxías e outras medidas para o caso de confinamento ou corentena.

O principio fundamental que seguimos como claustro con respecto ao uso das TIC radica nun uso racional e responsable onde o papel que representan é de recurso, nunca de finalidade en si. Por outra banda, reflexionamos sobre a importancia de ofrecer aos nenos e nenas actividades concretas, e manipulativas reais que as pantallas non poden ofrecer, a medida que avanza as tecnoloxías, tamén o fai a exposición dos nenos e nenas ás mesmas; o papel

da nosa escola pretende contribuír a minimizar o uso das pantallas, non a incrementar o seu uso. Parte das actividades que suxerimos ás familias, incluso no confinamento, inciden neste senso.

Na escola todas as aulas contan con PDI, co seu proxector correspondente. Contamos tamén con 6 tabletas.

Hai 13 ordenadores dos cales 4 son portátiles colocados nas distintas estancias do centro para uso do alumnado e do profesorado, estes ordenadores funcionan en xeral axeitadamente, aínda que a antigüidade dalgúns requirirán de substitución.

A escola goza dunha boa conexión a internet por fibra óptica instalada polo concello. Dispoñemos de dous puntos Wifi.

Durante este curso, conforme a Resolución do 3 de setembro de 2021, elaborárase o Plan Dixital de Centro.

## **26.1. Obxectivos**

Para o presente curso mantéñense os obxectivos seguintes:

### **Para o Centro**

- Mellorar os recursos necesarios que favorezan a alfabetización dixital.
- Utilizar as TICs como unha ferramenta didáctica máis no proceso de ensino- aprendizaxe.
- Sistematizar o uso dos recursos informáticos como apoio, reforzo e, de maneira especial, para o desenvolvemento de actividades básicas do currículo.
- Colaborar con toda a comunidade educativa para a difusión e o coñecemento das TICs e , sobre todo, un uso saudable deste tipo de recursos nos seus distintos formatos.
- Empregar a páxina web oficial da escola e a app AbalarMobil para a comunicación coas familias.



### Para o alumnado

- Incrementar a competencia dixital do noso alumnado.
- Potenciar a autonomía na aprendizaxe, usando os materiais que faciliten a adquisición de habilidades, destrezas e coñecementos.
- Facilitar a igualdade e as mesmas oportunidades educativas.
- Mellorar a atención á diversidade.
- Desenvolver o uso das TICs como instrumentos de creación e expresión, e tamén como un medio de integración.

### Para o profesorado

- Utilizar as TICs como un recurso educativo máis para perfeccionar a súa actividade e aumentar a súa formación.
- Capacitar ao profesorado para incrementar a súa autonomía no uso dos recursos tecnolóxicos, tanto na consulta da información, como para os temas profesionais ou relacionados coa súa actividade docente.
- Usar os recursos dixitais nas actividades habituais de aula.
- Creación de material didáctico en formato dixital empregando ferramentas sinxelas de autor.

### Para as familias

- Recibir información da actividade educativa a través da páxina web e os distintos blogs, tanto de biblioteca como das aulas, así como a través de AbalarMobil.
- Poder participar en reunións telemáticas organizadas polas docentes vía Cisco Webex.
- Recibir materiais e suxestións de actividades por parte da escola no caso de confinamento ou corentena.

## **26.2. Organización dos recursos.**

O uso dos *equipos de aula* é o que determinan os titores e especialistas dentro da súa programación de aula. O *equipo de dirección* é utilizado para a función á que está destinado. Os *equipos da sala de profesores* é para o uso dos mesmos. Dispoñemos de impresoras na Sala de Profesores, Dirección, Biblioteca e aula de AL. Hai que seguir unhas normas básicas de bo uso para aproveitar ao máximo os medios e alongar a súa vida sempre que sexa posible.

Os equipos compartidos deben desinfectarse despois de cada uso cun produto específico.

### **26.3. Propostas metodolóxicas**

O fin que anima este proxecto é a mellora significativa do tratamento da información por parte do alumnado do centro e da súa competencia dixital, grazas á integración das TICs no traballo diario de clase. Ademais tamén supón un reto para o profesorado, pois ten que considerar novos enfoques didácticos, e tamén maneiras novas de comunicarse cos seus alumnos.

#### **Autonomía e actividade**

Queremos que os nosos alumnos acaden a competencia dixital necesaria para que traballen gradualmente por si mesmos, e ser capaces de manexar e asimilar o caudal de información que lles rodea. Para acadar este obxectivo o neno debe ser o protagonista activo das actividades

#### **Globalización**

Tentamos que as aprendizaxes que os nosos alumnos extraen da súa experiencia coas TICs se integren todos os campos e aplicacións posibles.

#### **Igualación e compensación**

Intentamos favorecer que todos os nenos e nenas teñan acceso a coñecementos e experiencias que noutras circunstancias non serían accesibles e paliar a diferenza dixital que poida existir entre as familias. Este principio aplicámolo tamén á atención a diversidade, e ao tratamento dos contidos comúns.

No ámbito didáctico máis concreto

- Empregamos a pantalla dixital para realizar actividades interactivas e de búsqueda de información.
- Empregamos tablets como un recanto de aula.
- Introducimos na robótica co robot BEEBOT.
- Iniciamos ao alumnado de 5 anos no emprego do teclado dun ordenador.

## **26.4. Avaliación**

A avaliación deste proxecto de integración curricular das TIC.s concrétase nos seguintes apartados:

### Temporalización do proceso

- Un período de avaliación inicial ao principio de cada curso, no que a coordinadora TIC do centro recollerá a suxestións e necesidades por parte do profesorado.
- Avaliación continua durante o curso, na que se revisará a evolución do traballo e o cumprimento dos obxectivos dese plan de actuación elaborado.
- Unha avaliación final no mes de xuño de cada ano, para así revisar os obxectivos deste proxecto en función dos resultados.

### Crterios xerais

- Determinación do grao de coñecemento das ferramentas empregadas nos procesos de ensino- aprendizaxe, e da competencia dixital do profesorado e alumnado.
- Avaliación do grado de implicación do profesorado e o nivel das aportacións educativas grazas ao uso das TICs , tanto na práctica docente como na vida do centro.
- Determinación do impacto da aplicación das TICs entre o profesorado e na organización académica e institucional do centro.

### *Instrumentos de avaliación*

- Observación directa por parte do profesorado durante o traballo de aula.
- Valoración dos resultados das diferentes experiencias realizadas.
- Realización de traballos sinxelos co manexo das ferramentas de edición e comunicación habitualmente empregadas.
- Enquisa ás familias para recollida de datos sobre o coñecemento e uso das ferramentas dixitais fóra do ámbito escolar.

## 27. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

Darase especial importancia á avaliación en todo o proceso educativo, para valorar as aprendizaxes que realizan os/as alumnos/as, e propoñer actividades axustadas ás súas necesidades en cada momento da súa evolución escolar.

Rexerémonos polo principio de **avaliación continua**, partindo dunha avaliación inicial que constará de dúas partes:

1º.- Cuestionario ás familias, para acadar toda a información que sexa posible a fin de ter un mellor coñecemento dos nenos ao principio do curso escolar. Este cuestionario será complementado, nos casos necesarios, por entrevistas persoais cos/as pais/nais.

2º.- Observación que fará a profesora no horario escolar, no período de adaptación; desta observación quedará constancia nunha ficha que o grupo de mestras elaborou a tal fin; así coma a que aparece no anexo II da orde do 25 de xuño de 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da Educación Infantil.

Ao longo do proceso educativo realizarase unha avaliación continua de **carácter formativo**, baseada, fundamentalmente, na observación, e valorando os progresos, dificultades e necesidades dos/as nenos/as, coa finalidade de axustar a intervención e a axuda que a profesora lles debe prestar, e para programar as adaptacións curriculares necesarias para os alumnos e alumnas con necesidades educativas específicas.

Ao final de cada trimestre entregarase ás familias un boletín informativo da situación escolar dos seus fillos e fillas, aínda que lle damos máis importancia ó contacto diario con eles para comentar os logros ou dificultades dos nenos e nenas. Tamén, ao remate de cada trimestre, os nenos e nenas levarán á casa os traballos que fixeron, coa recomendación aos pais e nais de que os comenten e valoren cos seus fillos/as.

Na avaliación dos procesos de ensino e da práctica docente na aula valoraremos, entre outros, os seguintes aspectos:

- Deseño e desenvolvemento das unidades didácticas e proxectos programados e adecuación das adaptacións realizadas para o grupo de alumnos/as.
- Ambiente que se crea na aula para facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Actuación persoal

Na avaliación a nivel de equipo docente teremos en conta os seguintes puntos:

- Desenvolvemento da programación en conxunto.
- Valoración da avaliación global dos alumnos/as
- Eficacia do sistema de coordinación entre os mestres para tarefas de programación, avaliación e organización.
- Funcionalidade das decisións tomadas sobre distribución de recursos humanos, materiais, espazos e tempos.
- Fluidez da comunicación entre a escola e os pais/nais.
- Funcionamento dos órganos colexiados e da dirección.

## **28. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA.**

A ANPA está en proceso de renovación total. No momento de redactar estas liñas, e tendo en conta a situación sanitaria, a ANPA só ten previstas actividades organizativas propias da asociación. No momento que decidan realizar outro tipo de actividades serán levadas a consello escolar.

# Anexos